



Vº Bº:

TEXTO:

Para debido coñecemento e difusión de todos os interesados remítese información referente a:

CONVOCATORIA EXAME TÉCNICO DE CINTO NEGRO:
JUDO - JIU JITSU - DEFENSA PERSONAL

- Ábrese o prazo de inscrición para todos os exames de cinto negro que se celebrarán no ano 2018 -

VÍA FEDERATIVA E VÍA CLUB

(O Candidato soamente poderá optar por unha delas na mesma tempada)

CONDICIONS XERAIS

DOCUMENTACIÓN XERAL:

Deberá de enviarse a esta Federación Galega antes do exame, cumprindo o prazo de inscrición. No caso de que non se reciba no prazo fixado ou falte algún requisito, o candidato, non poderá examinarse.

AO EXAME PRESENTARASE TORI E UKE CO:

D.N.I. E LICENZA FEDERATIVA 2017/2018

PRAZO DE INSCRICIÓN:

Enviar a folia de inscrición debidamente asinada e cumprimentada xunto có xustificante de ingreso e toda a documentación antes das 12:00h do día 30 de Xuño de 2018 este prazo é tanto para a vía federativa como para a vía club.

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA

(ANEXO I)	FOLLA DE INSCRICIÓN E COTAS DE EXAME
(ANEXO II)	REQUISITOS DOS CANDIDATOS Á EXAME
(ANEXO III)	REQUISITOS Á EXAME VÍA CLUB
(ANEXO IV)	NORMATIVA LICENZAS FEDERATIVAS

NOTA IMPORTANTE:

Lémbrese a todos os clubs, que os alumnos candidatos deberán cumprir a normativa sobre a obrigatoriedade de estar en posesión das licenzas federativas NACIONAIS E GALEGAS segundo se especifica no cadro (anexo IV).

Se teñen dúbidas sobre o cumprimento desta normativa pódese solicitar directamente á **Real Federación Española de Judo e Deportes Asociados** un CERTIFICADO PERSOAL DO CANDIDATO sobre este particular.

CONVOCATORIA VÍA FEDERATIVA

ORGANIZACIÓN:	Escola Federativa Galega - F.G.JUDO.
DATA:	Domingo día 12 de Agosto de 2018*.
HORARIO:	Comunicarase aos clubs participantes unha vez finalizado o prazo de inscrición.
LUGAR:	Centro Educativo Liceo "La Paz" r/ Sebastián Martínez Risco, 12 <u>15009 A Coruña</u>
TRIBUNAL:	Mestres Nacionais actualizados no ano 2018 e designados pola Escola Federativa Galega.
PROGRAMA EXAME:	O publicado na web da www.fgjudo.com na sección Escola Federativa Galega.


CONVOCATORIA VÍA CLUB

Cada club* deberá enviar a solicitude á F.G.J. especificando os seguintes datos e cumprir a normativa:

1.- CUBRILA FOLLA DE EXAME VÍA CLUB.

2.- INSCRICIÓN DOS CANDIDATOS E ABONO DA COTA NO PRAZO FIXADO PARA TODALAS VÍAS.
(Requisito imprescindible para a concesión do mesmo)

*O club deberá cumprilos requisitos reflectidos no anexo III.



ASDO. EDUARDO GALÁN PALLA
Vicepresidente 1º Federación Galega de Judo
Director Escola federativa FGJUDO